



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES "Maximino Romero de Lema"  
981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)  
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



## 1.- Título do proxecto

### “PROXECTO REGUEIFESTA”

O Proxecto Regueifesta ten como obxectivo a creación dun proceso innovador de participación da Comunidade Escolar no coñecemento, valoración e práctica da regueifa como impulso de normalización lingüística a través das novas tecnoloxías.

### QUE É ISTO?

O IES Maximino Romero impulsa, coordina e organiza o proxecto Regueifesta como proxecto de innovación para a dinamización lingüística no curso 2015-2016.

O proxecto Regueifesta é un proxecto educativo impulsado polo IES Maximino Romero de Lema, de Baio, e conta coa colaboración do IES Marco do Camballón, de Vila de Cruces.

Estes dous centros veñen colaborando desde hai anos en proxectos de normalización lingüística relacionados coa posta en valor do patrimonio material e inmaterial e dos procesos de autoxestión e da participación da comunidade educativa.

Regueifesta é un proxecto impulsado pola enerxía da innovación educativa, procurando identificar valores da sociedade actual -autoxestión, participación social, intelixencia emocional, ecoloxismo lingüístico, visión internacional do idioma, etc.- co uso normalizado da lingua galega nos espazos vitais -formais e informais- da xente nova.

Ten como interese principal crear un modelo metodolóxico orientado a promover a participación directa e a co-responsabilidade de todos os axentes da comunidade educativa.

É un roteiro vivencial da nosa lingua como construción social, proxecto comunitario creativo, expresión de identidade colectiva e de utilidade imprescindible.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES "Maximino Romero de Lema"  
981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)  
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



## 2.- Contextualización e xustificación do proxecto

A situación do noso país continúa a evolucionar de forma dramática cara á desgaleguización, especialmente na infancia e na mocidade. O proceso acontece simultaneamente no campo das actitudes, o coñecemento e os usos lingüísticos e musicais.

O ensino formal é un ámbito importante onde tradicionalmente se está a traballar para intentar revertir ese proceso. É fundamental traballar pola vitalidade da nosa lingua nos centros de ensino. Mais non esqueçamos que o achegamento da gente nova á nosa lingua debería ir alén do ámbito educativo, formal e informal.

Nese sentido, e sabendo que o proxecto que presentamos vai ser activado no ámbito educativo, sabemos que o propio proxecto ten como obxectivo final crear novos espazos de encontro entre a lingua galega e a xuventude relacionados con espazos propios de ocio e tempo libre desta franxa de idade.

Este proxecto tem como obxectivo a medio e longo prazo a creación dun proceso de participación social, de espazos e hábitos de divertimento asociados á nosa lingua e á nosa cultura e identidade, a creación dunha dinámica socializadora da lingua, dunha rede de relacións interpersoais en galego, da introdución dun novo tema sociocultural para a mocidade e da proxección dun discurso actualizado que vincule lingua galega con modernidade, novas tendencias e cultura de vangarda.

A creación deste proxecto ten, diacronicamente, como horizonte de expectativas, o medio e longo prazo, como sinalamos antes. Un dos nosos modelos a ese nivel é o proxecto dos Obradoiros de Formación e o Certame de Regueifas que impulsaron en Vigo a asociación ORAL e o Servizo de Normalización do Concello hai oito anos.

No campo das enerxías sociais, queremos vincular o noso proxecto, a nosa experiencia, co movemento e activismo social que, desde diferentes puntos do país, están a protagonizar un rexurdir da regueifa, desde Vigo a Vila de Cruces, desde Baio até Compostela.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES "Maximino Romero de Lema"  
981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)  
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



Este proceso reúne diferentes xerazóns de regueifeiras e regueifeiros e persoas dinamizadoras da regueifa, desde a asociación ORAL até a Escola de Ensino Galego Semente, de Xairo de Herbón até Aurora de Baio, de Sara Marchena e Esther Porrit até Alba María.

As regueifas teñen un grande potencial como recurso de dinamización lúdico, especialmente en espazos informais, encontros sociais, festas, festivais, e reunions de moi diferente tipo. Son un estímulo de calidade para o desenvolvemento de habilidades lingüísticas e sociais. As regueifas posúen, ademais, un alto potencial como instrumento facilitador da participación no proceso de normalización lingüística.

### **2.1.- A situación sociolingüística do centro**

Trátase dun centro situado ás aforas dunha vila, mais o alumnado procede na súa meirande parte de núcleos rurais pequenos dos concellos de Zas, Laxe, Cabana e Vimianzo. Nas zonas rurais predomina o uso oral do galego aínda que se observa un comportamento diglósico. Nas vilas estase a producir un aumento do uso do castelán.

#### **Situación do profesorado**

O rexeitamento da normalización do galego é minoritario.

En canto ao nivel de corrección lingüística, é mellorábel, polo que non é descartábel a proposta dun curso de formación en lingua galega.

#### **Situación do alumnado**

A lingua maioritaria do alumnado e do seu contorno sociofamiliar é o galego e a súa competencia lingüística é aceptábel. Porén, detéctase un comportamento diglósico consistente nun prexuízo á hora de utilizar a nosa lingua en ámbitos alleos ou que eles consideran cultos.

O máis preocupante é que se detecta un perigo de abandono do uso da lingua galega ao cambiaren de contorno social, polo que priorizaremos actividades encamiñadas ao prestixio da lingua galega e a demostrar a súa utilidade en todos os contextos, facendo fincapé na súa universalidade, a galeguía.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES "Maximino Romero de Lema"  
981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)  
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



### **Situación lingüística do centro**

A documentación administrativa e de xestión (actas, material de avaliación, circulares, etc.) están en lingua galega. O mesmo acontece cos avisos, carteis, etc. emitidos pola dirección.

A cartelaría (anuncios, avisos, etc.) aparece maiormente en galego.

As actas, programacións e memorias de departamento fanse maioritariamente en galego. No nivel oral (en consellos, claustros, etc.), úsao máis da metade dos membros de dirección (agás lectura de actas, onde se usa sempre). No que se refire ao profesorado, hai un número importante de galegofalantes.

O persoal non docente usa a lingua galega.

A actividade ordinaria da biblioteca é en galego, aínda que haxa actividades específicas noutras linguas.

### **3.- Obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos.**

- Relacionar as raíces tradicionais da nosa identidade, chegadas do pasado ao presente, coas novas tendencias, de vangarda, tecnolóxicas, de relación social, expresivas, da xente mais nova.
- Modernizar o imaxinario cultural da xente nova participante, creando novos espazos, ferramentas e temas de socialización e relacións interpersoais.
- Fomentar o principio de aprender xogando ou xogar aprendendo, coa festa e o lúdico como estimulantes e motores da aprendizaxe.
- Por en valor que as persoas participantes sexan protagonistas do proceso de aprendizaxe, creando un proceso de experiencias vividas de forma significativa com valores, actitudes e motivacións como motores de mudanzas persoais e colectivas.
- Fornecer de recursos á rede de profesorado interesada na promoción dunha forma de traballo popular, dunha escola aberta á sociedade, e dunha sociedade aberta á escola.
- Promover a regueifa como forma de comunicación entre a xente nova
- Criar espazos em galego para a expresom e a criatividade entre a gente nova.



- Identificar a lingua galega com umha atividade lúdica e criadora de relacións sociais entre a mocidade.
- Atualizar os referentes socioculturais da lingua, convertendo um jogo oral tradicional numha novidade ou innovación social.
- Transmitir atitudes, motivacións e estímulo que favoreçam a creación de novos usos e espaços em galego.
- Modernizar a própria regueifa e a lingua galega com as aportacións das gerações mais novas.
- Colaborar com o movimento pro-regueifa que fomenta a participación social desde a base.
- Visualizar publicamente a normalidade da relación entre gente nova e lingua galega, valorando o protagonismo das novas gerações no proceso de revitalización do noso idioma.

### **3.1.- Formulación dos procesos de mellora do ensino e da aprendizaxe.**

O proxecto Regueifesta ten como obxectivos directamente relacionados co proceso de ensino e aprendizaxe...

- O desenvolvemento de habilidades e competencias comunicativas orais, lingüísticas, musicais e non verbais.
- A participación directa por parte do alumnado no deseño dun proxecto de PRODUCCIÓN dunha nova idea, novos valores e novos comportamentos, co obxectivo de crear unha mudanza social: introducir a regueifa no mundo do ensino e en ámbitos da xente nova.
- A xestión directa do proceso de comunicación en varios campos: redes sociais, prensa convencional, prensa dixital, radio e televisión.
- A elaboración de textos orais e escritos adecuados a diferentes necesidades comunicativas do proxecto: presentación do proxecto, dinamización do happening da regueifa, conversas telefónicas con prensa, participación en programas de TV, conferencias en público, creación de notas de prensa, etc.
- A resposta a prexuízos contra o galego e o fomento da autoestima coa valoración do propio especialmente do sentimento de pertenza á comunidade galego-falante e a



revaloración da lingua galega como ferramenta de desenvolvemento persoal e colectivo, e difusión da lingua a ámbitos non galego-falantes habituais.

- O fomento do traballo en grupo, através de dinámicas colaborativas dentro do noso instituto e con outros axentes educativos e sociais.

### **3.2.- Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo.**

- Achegamento do proxecto ás bibliotecas públicas e outros espazos culturais (Biblioteca Anxo Casal de Santiago de Compostela, Interacción en barrios, Colectivos Veciñais, Asociacións...).
- Creación de espazos de convivencia entre alumnado de distintos ámbitos xeográficos de Galiza. Intercambio co instituto de Arratia en Euskal Herría para compartir experiencias educativas en torno á improvisación oral. (Alumnado e profesorado)
- Fornecer unha rede de colaboración entre diversos axentes sociais para potenciar a imaxe da Regueifa.
- Emprego das TIC para a difusión dos avances do proxecto. Creación dunha rede social para a participación no movemento social da regueifa e a súa dinamización no mundo do ensino.
- Implicación nos eventos relacionados co movemento social da regueifa.
- Recollida e posterior análise musical das melodías de antig@s regueifeir@s co alumnado da agrupación tradicional "Vintenbaio" do IES Maximino Romero de Lema.
- Implementar dinámicas de cooperativismo para autoxestionar as actividades.
- Promover unhas xornadas de formación para a Comunidade Educativa en Compostela, como un achegamento ao feito diferenciador da Regueifa.
- Impulsar Certames de Regueifas en Baio, Vila de Cruces e Compostela.
- Visibilizar ante o profesorado o proxecto. Traballar conxuntamente co CEFORE para amplificar a nosa mensaxe.

### **3.3.- Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo.**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES "Maximino Romero de Lema"  
981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)  
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



.- Inicio dun proceso de dous anos de investigación e realización para a difusión e divulgación dun “Manual escolar da Regueifa”. Este manual estaría dirixido a toda a comunidade escolar e colectivos e organizaciónns sociais interesadas (veciñanza, AACC, Locais Sociais...)

Sobre o libro de estilo, podemos adiantar que tería tres dimensións fundamentais:

- .- MUSICAL, co obxectivo de facer unha transcripción dos diversos modelos bergantiñáns e os principais modelos galegos, facendo traballo de recollida de campo e aproveitar os traballos de recollida existentes.
- .- LITERARIO. Co obxectivo de elaborar unha guía de métrica e rima; recompilar unha serie de frases típicas que se poden acoller dentro da nova Regueifa; ofrecer diferentes recursos lingüísticos e literarios para a creación de regueifas “modernas”.
- .- TEMÁTICO. Co obxectivo de elaborar, difundir e socializar un decálogo de estilo baseado en valores sociais que fuxan de discriminacións tradicionais: sexismo, racismo, etc.

.- Tentar crear unha rede de formador/a de formadores/as. Artellar unha campaña dende os CEFORE e o CAFI para tentar ofertar formación para o profesorado interesado en empregar esta ferramenta didáctica nas aulas.

.- Cos milleiros de mensaxes, grabacións de audio, de video e fotos realizadas na aplicación entre o alumnado de Baio e O Marco da Camballón, gustaríanos editar un libro chamado “RegueifestApp”.

.- Deseño e realización de un documental divulgativo sobre o proceso de achegamento da regueifa á escola.

.- Gravación de bases musicais en estudio profesional (por músic@s profesionais) para deixar rexistro da diversidade melódica das/os regueifeir@s.



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**  
 IES "Maximino Romero de Lema"  
 981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)  
 ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



- Tentar realizar contactos con diversos colectivos que empreguen a expresión oral e a improvisación para “regueifar” a través do skype (Repentistas do Brasil, Bertsolaris, Glosa Catalana...)

- Realizar unha proposta divulgativa a través de un proxecto europeo de visibilización (K3) dentro do programa Erasmus+.

- Elaborar unha proposta curricular para tentar expandir a regueifa e incluíla como “asignatura de libre configuración de centro” no maior número de centros de Galiza. Esta proposta de asignatura deberá contar coa autorización pertinente da Inspección e da Xefatura Territorial.

- Regueifa Expansiva. Sería moi interesante consensuar un día dentro do calendario escolar para potenciar a Regueifa nos Centros educativos. Poderíamos buscar algunha efeméride para consensuar a data coas persoas que coordinan a ORAL. Serviría para convidar a todos os Centros Educativos de Galiza a participar ese día do proxecto colaborativo. Poderíamos incluso buscar algún xeito tecnolóxico para centralizar a recollida de Regueifas (páxina web, blog...)

#### **4.- Actividades de desenvolvemento dos procesos de innovación previstas**

##### **4.1.- Título e descrición**

- Crear unha conta de Whats App (coa autorización das familias) entre o alumnado de Baio e Vila de Cruces para comezar a traballar a regueifa de xeito “virtual”. Baixo a supervisión do profesorado e activistas da regueifa, pretendemos fomentar unha ferramenta de comunicación interna para a organización, intercambio e autoxestión do proxecto a través das novas tecnoloxías. Na actualidade o grupo segue activo con 90 participantes. (setembro 2015)





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES "Maximino Romero de Lema"  
981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)  
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



.- Presentación do proxecto "Regueifesta": Biblioteca Anxo Casal de Santiago de Compostela. Xornadas de Tradición Oral. (6 de novembro de 2015)

[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2015/11/06/proxecto-regueifesta-santiago/0003\\_201511C6C7993.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2015/11/06/proxecto-regueifesta-santiago/0003_201511C6C7993.htm)

<https://www.youtube.com/watch?v=1laaRCcViUQ>

.- Actividade de convivio entre o alumnado do IES Maximino Romero e o IES Marco do Camballón. Os componentes do grupo de traballo coñécense por primeira vez. Realízase unha actividade conxunta de regueifa por whats app no Museo do Pobo Galego, con elementos do propio museo. Primeira regueifa co alumnado e dúas regueifeiras: Alba Maria e Sara Marchena. (6 de novembro de 2015)

.- Primeiros pasos para a creación dunha rede de colaboración entre diversos axentes sociais vinculados ao movemento social da Regueifa:  
Xurxo Souto, Sés, Xairo de Herbón, a Señora Aurora de Baio, Sofía Tarela, Guadi Galego, Alba Maria, Sara Marchena. (Outubro-Novembro 2015)

.- Establecer contactos e colaboración con outros colectivos participantes no Movemento Social da Regueifa: Grupo de Tradición Oral da Asociación de Escritores e Escritoras Galegas (AELGA), Asociación de Improvisación ORAL, Escola de Ensino Galego Semente, CTNL, CENDL, Concello de Zas, Concello de Vila de Cruces, Concello de Santiago de Compostela, Correlingua 2016 (Setembro 2015 - Maio 2016)

.- Creación dun blogue (Setembro 2015 - Xuño 2016)

.- Creación da canle de youtube "Regueifesta" (Setembro 2015 - Xuño 2016)

<https://www.youtube.com/watch?v=0A1KVel4zU4>

.- Creación de outras ferramentas en rede: facebook, instagram, twitter... (Setembro 2015 - Xuño 2016)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES "Maximino Romero de Lema"  
981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)  
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



.- Participación do alumnado no Certame de Regueifas de Valadares, Vigo. Implicación das ANPAS e participaremos no xurado. Participarán 30 alumnos/as dos dous centros.  
(4 de marzo de 2016)

.- Acollida en Galiza dos alumnos de Euskal Herría. Realizamos un intercambio co IES de Arratia para fomentar as relacións entre o alumnado a través da regueifa e do bertso. Denominámolo Proxecto Regueibertso e está programado para as seguintes datas: 3,4,5,6 e 7 de Maio. Nós viaxariamos a a Euskal Herria o 14,15,16 e 17 de Maio.

.- Coordinación das Xornadas de Formación: A regueifa como recurso educativo e socializador para a comunidade educativa (12 de marzo de 2016)

.- Regueifesta Expansiva: I Certame de Regueifas en Baio, Vila de Cruces e Compostela (Maio de 2016)

.- Presentar unha proposta do Proxecto nas Xornadas no CFR da Coruña (Maio 2016)  
*II Encontros de intercambio de experiencias educativas. Compartindo boas prácticas.*

.- Realizar unha proposta de guiión –conxuntamente co alumnado- para o programa televisivo “Luar” para a explicación do proxecto nos medios de comunicación de masas.  
(Maio 2016)

.- Presentar unha ponencia no encontro de TICs de San Lázaro (CAFI) (Xuño 2016)

.- Elaborar un xogo de barallo para a difusión da regueifa. (Setembro 2016)

#### **4.2.- Obxectivos e proposta metodolóxica**

A nosa metodoloxía xeral fusiona diferentes liñas de campos de intervención propios:



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES "Maximino Romero de Lema"  
981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)  
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



**En primeiro lugar**, en canto ao proceso de ensino, a nosa metodoloxía ten como principio a vivencia experimental da aprendizaxe, creando situacións de aprendizaxe no centro de ensino mais vividos tamén fora do centro escolar, abrindo a escola á sociedade.

Deste xeito, ten especial importancia para nós a creación e xestión de textos -orais e escritos- coa intención de que o alumnado se convirta en protagonista dun proceso que crea comunicación en galego e comunidade na nosa lingua, arredor do movemento da regueifa. Neste sentido, entendemos este proxecto dentro do proceso de normalización como un campo natural, espontáneo, para a habilitación de destrezas, habilidades, competencias na nosa lingua.

**En segundo lugar**, a nosa metodoloxía baséase no desenvolvemento dunha comunidade de alumnado, profesorado e axentes colaboradores a través dunha xestión de relacións sociais, identidades e creación cultural baseada nos principios da **animación sociocultural**, con raíces na pedagogía social, na socioloxía e nas ciencias aplicadas ao estudo das mudanza social.

Neste sentido, sabemos da importancia da animación sociocultural, a dinámica de grupos e o principio de aprender xogando, e a dimensión lúdica da aprendizaxe.

Por outro lado, ao traballarmos participación de xente nova, impórtanos moito a creación de identidade grupal e identidades colectivas arredor do tema da improvisación oral.

**En terceiro lugar**, somos conscientes de que o noso proxecto forma parte dun movemento social que está activo en diferentes espazos do país, con distinta vitalidade. O Movemento Social da Regueifa, que nos últimos vinte anos está a vivir unha lenta mas segura revitalización, está a expresarse de forma cada vez mais popular, pública e intensa, grazas ao traballo de activistas da regueifa que tamén están a colaborar co noso proxecto.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES "Maximino Romero de Lema"  
981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)  
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



O Proxecto Regueifesta é un motor mais do movemento da regueifa. E metodoloxicamente temos en conta que somos parte dun movemento social, existente grazas á xenerosidade dun colectivo cada vez mais participativo, diverso e actualizado.

Interézanos metodoloxicamente a vinculación do Movemento co desenvolvemento de valores entre os que a igualdade de xénero é fundamental.

Pensamos que neste proceso, o Proxecto regueifesta pode aportar actualidade, modernidade e a vitalidade da xuventude e renovar dinámicas participando, por exemplo, na aparición dunha Nova Regueifa de Muller, impulsada tamén polas nosas alumnas.

#### **4.3.- Xestión e temporización (Xustificada no punto 4.1)**

### **5.- Implicación do profesorado, responsables e demais recursos humanos e materiais da comunidade educativa:**

#### **5.1.- Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto**

O proxecto está coordinado polo profesor Manolo Maseda, do IES Maximino Romero. Colaboran a Comisión de Cultura, o Equipo Directivo e o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.

Por parte do centro colaborador, o IES Marco do Camballón de Vila de Cruces, a colaboración dinamízaa Séchu Sende, coordinador do ENDL.

No IES Arratia BHI están implicados Hektor (director), Juantxu (profesor e coordinador de Euskera), Ibon (Vicedirector) e Lur (Orientadora e coordinadora do proxecto en Euskal Herria)

A maiores, da Bizkaiko Bertsozale Elkarteá están Eli (profesora de Bertsolaritza) e Iñaki (profesor de Bertsolaritza).



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**  
 IES "Maximino Romero de Lema"  
 981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)  
 ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



As e os artistas colaboradores implicad@s no proxecto iniciático foron Sés, Guadi Galego, Sofía Tarela, Xurxo Souto, Xairo de Herbón, Sara Marchena, Esther Porrit, Alba María...

En definitiva, como proceso participativo-sumativo, a Regueifesta ten com obxectivo impulsarse a través da participación directa de persoas con diferente perfil, tanto activistas do Movemento Social da Regueifa, como persoas de perfil mais ou menos profesional.

### **5.2.- Recursos materiais que se van mobilizar**

As accións para as que destinaríamos o orzamento do premio (no caso de gañar) serían:

Desprazamento Autobuses:

- .- Arratia 1.500€
- .- Valadares 350€

Aluguer equipo de son para a Regueifesta: 600€

Aluguer estudio de son para grabar as bases musicais: 250€

### **6.- Colaboracións institucionais**

As colaboracións institucionais son para a cesión de instalacións e loxística, do cal estamos moi agradecidos. En ningún caso recibimos ningunha subvención económica de ningunha institución.

IES Marco do Camballón de Vila de Cruces

IES de Arratia (BHI)

IES Xelmirez I

IES de Cacheiras

Asociación ORAL de improvisación. Valadares.

Biblioteca Pública Anxo Casal de Santiago de Compostela

Museo do Pobo Galego

Concellos de Zas, Vila de Cruces e Santiago de Compostela

CEFORE Vimianzo

### **7.- Plan de avaliación**



### **7.1.- Criterios e indicadores para a avaliación**

- Avalizacións do proceso através de enquisas cualitativas por parte das persoas participantes.
- Avaliación externa por parte de diferentes axentes colaboradores.
- Extensión da rede social, nesta altura no grupo impulsor participan 90 alumnos e alumnas, profesorado colaborador e 3 regueifeiras a dinamizar.
- Alcance da rede social: facebook,.
- Número de visionados dos vídeos Canal Regueifesta en you tube.
- Audiencias estimadas nos programas de TV, radio e lectores potenciais da prensa impresa e da prensa dixital.

### **7.2.- Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa**

O principal impacto darase nas competencias lingüísticas e musicais implicadas no proceso:

- Habilidades de expresión oral, con especial importancia da improvisación e o desenvolvemento da linguaxe poética e musical: medida, rima, musicalidade.
- Competencias non verbais, para-teatrais: expresión corporal, seguridade xestual...
- Aumento da autoestima sociolingüística, consecuencia da participación actante nun proxecto de normalización colectivo, de forma protagonista, entre iguais.
- Desenvolvemento das comunicacións convencionais: escrita formal, enriquecemento de rexistros persoais, vocabulario, coñecemento de variedades dialectais...
- Adecuación á relación con diversidade de interlocutores. Persoas maiores, crianzas, artistas...

Ten importancia para nós o feito de que o alumnado e profesorado implicado adquiran conciencia de que a participación en proxectos como este conlevan mudanzas sociais en positivo, asegurando que o traballo en dinamización ten resultados transformadores . Crea

espazos, comunicación e enerxía a favor do galego, tanto en mellora de actitudes como en aumento de usos.

## **8.- Medidas de difusión do proxecto**

### **8.1.- Entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa**

É importante sabermos que o propio Proxecto Regueifesta é un proceso de creación de comunidade, ou sexa, é un proceso de comunicación que parte do propio alumnado e profesorado e, a través dun proceso de participación directa da comunidade escolar e extraescolar, se converte nun proceso de comunicación social.

A Regueifesta convértese nun dos temas principais do traballo educativo do centro e mobiliza os principais recursos comunicativos internos: traballo en titorías, actividades escolares e extraescolares, difusión cara adentro e fora nas redes sociais, nos medios de comunicación convencionais e non convencionais.

Alén disto, o Proxecto Regueifesta procura que a comunidade escolar PROTAGONICE un proceso de comunicación a nivel galego, que ten neste primeiro ano do Proxecto o detonante inicial mais que se extenderá aos vindeiros anos, como un proxecto expansivo ao que se sumarán mais centros de ensino.

Os medios de comunicación xa mostraron o seu interese pola difusión do proxecto. Fixéronse eco La Voz de Galicia, Faro de Vigo, TVG, Radio Galega, Praza.com, Sermos galiza, Galicia Confidencial, Portal Galego da Língua, Diario Liberdade....

## **9.- Orzamento**

### **9.1.- Xustificación e desagregación (Exposto no punto 5.2)**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES "Maximino Romero de Lema"  
☎ 981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)  
✉ ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



## 10.- Funcións e tarefas do profesorado implicado

### IES MAXIMINO ROMERO DE LEMA

#### Dpto. Música:

Manuel Maseda Deán; Coordinación xeral do proxecto. Asesor musical.

Ana Justo Herrero; Asesora musical

#### Dpto. Filosofía:

Antonio José Díaz Amor; Perfil antropológico do proxecto

#### Dpto. Orientación:

José María Fernández Abelaira; Coordinador da loxística dende vicedirección.

#### Dpto. Debuxo:

Carlos Fernández Concheiro; Deseño gráfico

#### Dpto. Matemáticas:

Celestino Fernández Valiña; Organización das viaxes dende secretaría e orzamento

#### Dpto. Latín:

M<sup>a</sup> Julia Losada González; Asesora lingüística

#### Dpto. Informática:

Miguel Mourón Regueira; Deseño do blog e coordinador das TICs en xeral.

#### Dpto. Lingua Galega:

Hortensia Román González; Asesora lingüística

#### Dpto. Xeografía e Historia:

Ricardo Vigueret Gil; Coordinador do ENDL

### IES MARCO DO CAMBALLÓN

#### Dpto. Lingua Galega:

Xosé Luís González Sende; coordinador do proxecto, coordinador do ENDL do IES Marco do Camballón de Vila de Cruces, colaboración no deseño e organización do proxecto.